




# Estadía en Oslo

(Noruega)

Curso 2023-2024

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Consiste nun intercambio escolar entre alumnado de 1º e 2º de bacharelato de catro centros de secundaria de Oslo (Noruega) e tres centros de Santiago de Compostela e un de Ames, entre os cales foi seleccionado novamente para participar o **IES Antonio Fraguas**. A actividade está patrocinada pola Consellaría de Educación, e conta coa colaboración da USC.



O IES Antonio Fraguas realizará o intercambio escolar co centro **Foss Upper Secondary**, repetindo a experiencia iniciada no curso 2019-2020.

O alumnado galego realizará unha estadía de **tres semanas en Oslo** durante o mes de setembro de 2023 (con datas aínda por determinar), aloxándose no domicilio da familia correspondente de Oslo, que se ocupará da súa manutención. O alumnado noruegués pasará **catro semanas en Santiago** no mes de xaneiro, salvo modificacións, con aloxamento e manutención a cargo da familia receptora.



Durante a estadía no país estranxeiro, o alumnado acudirá ao centro educativo no mesmo réxime que o alumnado do país receptor, **asistindo ás clases que a organización dos centros determine**. Asimesmo, disporá de tempo e dun espazo no centro para realizar as tarefas on-line que o seu profesorado lle encomende desde aquí a través da Aula Virtual.

Os desprazamentos de ida e volta realizaranse en grupo e acompañados por dous docentes dalgún dos centros galegos, que os acompañarán na viaxe dende o aeroporto e permanecerán un par de días en Oslo para asegurar o correcto aloxamento dos participantes nas familias receptoras. Para a viaxe de regreso o profesorado acudirá a Oslo uns días antes da viaxe de volta para acompañar novamente ao alumnado no retorno.

# REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

- Cursar 4º ESO no IES Antonio Fraguas durante o curso 2022-2023, e cursar 1º de Bacharelato no noso centro durante o vindeiro curso 2023-2024 .
- Ter espazo no domicilio e comprometerse ao aloxamento e manutención do/a alumno/a noruegués nunha habitación de uso individual durante catro semanas (por concretar) entre xaneiro-febreiro de 2024. Durante o período de visita do alumnado noruegués o alumnado participante do noso centro non poderá participar en actividades extraescolares do instituto que impliquen non poder cumprir coa responsabilidade de anfitrión ou anfitriona (saídas de varios días organizadas polo instituto).
- Ter disposición para viaxar a Oslo (Noruega) nun período de tres semanas en setembro de 2023, e a aloxarse no domicilio da familia receptora e adaptarse ao tipo de vida en Oslo, asistindo ás clases acordadas no instituto receptor e ás actividades que se organicen.

**PRAZAS:** O total de prazas para o intercambio durante o curso 2023-2024 é SEIS (6).

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** O xénero do alumnado participante deberá coincidir co establecido pola coordinación ente os centros participantes, agás nos casos nos que familias de ambos países decidan o contrario. No caso de contar con máis solicitudes que prazas, adxudicaranse aos mellores expedientes académicos da ESO.

**GASTOS:** A actividade está financiada pola Consellaría de Educación, que cubrirá o custo total dos desprazamentos do alumnado e profesorado acompañante nas viaxes. A estadía en destino será no domicilio da familia receptora e a cargo desta. Tamén está incluído seguros de viaxe e estadía..

**PRAZO:** As solicitudes poden presentarse na secretaría do centro **ata o 11 de xullo**. A solicitude implica a aceptación das presentes bases de participación.

Eu, \_\_\_\_\_, pai/nai do/a alumno/a do IES Antonio Fraguas \_\_\_\_\_ solicito a participación do/a meu/miña fillo/a no proceso de selección para a Estadía en Oslo, conforme ao establecido neste documento, aceptando as bases de participación expostas no mesmo. No caso de resultar seleccionado/a, autorizo a viaxe do/a meu/miña fillo/a a Oslo, no período de setembro que se determine finalmente, e comprométo-me a aloxar e manter ao correspondente alumno/a noruegués durante catro semanas nas datas de xaneiro e febreiro que finalmente se determinen.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de xullo de 2023

Aso: \_\_\_\_\_